

[XASM/PLG/RMBV]

Na sala de comisións “Otero Pedrayo” do pazo do Parlamento de Galicia, co fin de constituír a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior o día 01 de abril de 2024, ás 12:02 horas, reúnen as deputadas e deputados designados por cada un dos grupos parlamentarios constituídos na Cámara que se relacionan ao longo desta acta.

Miguel Ángel Santalices Vieira (presidente) preside a sesión xunto con María Elena Candia López (vicepresidenta 1ª), María Montserrat Prado Cores (vicepresidenta 2ª), María Ethel Vázquez Mourelle (secretaria) que dá fe do acto e Patricia Iglesias Rey (vicesecretaria).

Asisten como asesores o letrado oficial maior, Xosé Antón Sarmiento Méndez, e a letrada Purificación López Gómez.

Para estes efectos, remitíuselles a convocatoria a todas as deputadas e a todos os deputados adscritos á Comisión coa seguinte **orde do día**:

“Punto 1.º- Constitución.

Punto 2.º- Elección da Mesa (artigo 41 do Regulamento)”

Punto 1.º- Constitución.

O presidente solicita da secretaria, Ethel María Vázquez Mourelle, a lectura dos nomes dos membros designados polos grupos parlamentarios para integrar a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, co fin de verificar a existencia de quórum e de que poida constituírse formalmente esta Comisión.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Martina Aneiros Barros
María Sol Díaz Mouteira
Marta Mariño Regueiro
José Manuel Mato Díaz
María Victoria Núñez López
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
Paula Prado del Río
Antonio Rodríguez Miranda

[XASM/PLG/RMBV]

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

María Cristina Fernández Davila

Óscar Insua Lema

Iago Suárez Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Taibo Corsanego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Paloma Castro Rey

Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Logo da comprobación da existencia de quórum, o señor presidente declara constituída a Comisión.

Punto 2.º- Elección da Mesa (artigo 41 do Regulamento).

A seguir, de conformidade co preceptuado nos artigos 41 e 36 do Regulamento do Parlamento de Galicia, procédese á elección da/o presidenta/e, vicepresidenta/e e secretaria/o da comisión, cuxa votación será secreta por papeletas tras o chamamento nominal das/dos deputadas/os (art. 41, 36.1 e 91.1.2ª RPG)

Logo da distribución das papeletas para realizar as votacións sucesivas e independentes dos membros da Mesa, a señora secretaria efectúa o chamamento das señoras deputadas e dos señores deputados e, dos escrutinios obtivéronse os seguintes resultados:

Presidente/a:

María Sol Díaz Mouteira 9 votos

En branco 8 votos

Total votos emitidos 17 votos

Queda proclamada presidenta **María Sol Díaz Mouteira, do G.P. Popular de Galicia.**

Vicepresidente/a:

Antonio Rodríguez Miranda 9 votos
En branco 8 votos
Total votos emitidos 17 votos

Resulta elixido vicepresidente **Antonio Rodríguez Miranda, do G.P. Popular de Galicia.**

Secretario/a:

Paloma Castro Rey 7 votos
En branco 10 votos
Total votos emitidos 17 votos

Resulta elixida secretaria **Paloma Castro Rey, do G.P. dos Socialistas de Galicia**

Despois do remate das votacións e da proclamación dos resultados, a **Mesa e a Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior** quedan configuradas como segue

Mesa:

María Sol Díaz Mouteira (P)
(Presidenta)
Antonio Rodríguez Miranda (P)
(Vicepresidente)
Paloma Castro Rey (S)
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Martina Aneiros Barros
Marta Mariño Regueiro
José Manuel Mato Díaz
María Victoria Núñez López
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
Paula Prado del Río

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Ao non haber máis asuntos que tratar, o señor presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:12 horas.

Ethel María Vázquez Mourelle
Secretaria

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente